



I CONTROL DE MARCAS CONCELLO DE RIBEIRA 27 de xuño de 2021 – Ribeira MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19

1 ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada máis próxima á grada, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización. Realizarase control de temperatura a todas as persoas que accedan á instalación, sendo imprescindible para poder acceder que a mesma non supere os 37,5°C. Non se permite o acceso de público. Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, aos/ás atletas participantes, xuíces, persoal de organización, así coma aos/ás delegados/as e adestradores/as debidamente acreditados. Unha vez rematada a súa función, prégase que sexa abandonada a instalación. Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación previamente acreditados. Poderá acreditarse unha persoa representante por entidade. Poderán solicitar acreditación ata ás 22:00 horas do venres anterior á data de competición.

2. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA. Haberá xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na Secretaría, na Cámara de chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido. Haberá produto hixienizante nas zonas de concursos para facer uso nos diferentes artefactos e nos tacos de saída das carreiras.

3. VESTIARIOS



Os vestiarios: estarán pechados o público e atletas. Haberá servicios, situados nas inmediacións da entrada da instalación. Sendo imprescindible seguir as normas de uso indicadas pola instalación.

4. CÁMARA DE CHAMADAS

A Cámara de Chamadas estará hubicada no interior campo de fútbol da competición. É obrigado por todos/as os/as atletas entregar en cámara de chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

5. ZONA DE QUECEMENTO

Os/as atletas disporán para realizar os seus exercicios de quecemento no exterior do campo de fútbol. O quecemento deberá realizarse de xeito individual e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas e facendo un bo uso da máscara.

6. CARREIRAS

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán depositadas nunha caixa na saída e entregárase unha nova unha vez chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha nova máscara.

7. CONCURSOS

Todo material que sexa compartido será desinfectado antes do seu uso por outra persoa.

8. DIRECTOR PROTOCOLO FGA COVID-19

A organización estará a disposición do Director de Protocolo COVID-19 nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas. As indicacións do Director de Protocolo COVID-19 son de obrigado cumprimento para toda as persoas presentes na instalación.



9. NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FisiCOVID – Deporte Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción. A entrega de premios, realizarase no podio unicamente aos responsables elixidos por cada equipo, non estando permitida ningún acto multitudinario no estadio. Polo que calquera das posibles fotografías o celebracións deberán sempre respectar o distanciamento de 1,5m en todo momento. Non está permitido facer ningunha comida na grada por parte de ningún equipo participante tanto de xeito colectivo coma individual. Os/as atletas deberán cumprir en todo momento a distancia de seguridade.

